

Teresa d'Arenys

Sobre o tabú afectivo

Se coa palabra afecto referímonos xeralmente a un sentimento de amor, e por tabú entendemos interdicción sagrada, resulta que a vocación literaria, a algúns nos ven do afecto a un tabú. Sobre isto vou reflexionar.

No meu caso, o só feito de ter herdado unha boa lingua familiar xunto ao amor cara a esta lingua, non me dera motivado a converter a escrita no centro da miña vida, se non fose o sobreprezo de angustia e de desvantaxe constante que comporta, en Cataluña, querer e preferir a lingua propia. Eu sentínme na obriga de escribir, tanto por rebeldía contra unha fala imposta, como por servidume a unha fala ameazada, a dos meus, que de ser politicamente *prohibida* durante a ditadura pasou a ser en moitas circunstancias politicamente *incorrecta*, cualificativo con connotacións de inmoralidade e de culpa que lle imprimen carácter de tabú. Intención sutil, xa que logo, dunha prohibición secular e que nos leva a pensar naquel *Soyez propre* con que o Estado veciño remataba as falas que non eran o francés.

Os que nacidos nos anos cincuenta tivemos que estudar en centros relixiosos, vimos como os tabús do nacional-catolicismo que tiveran máis peso social e educacional derrubábanse con celeridade nos primeiros anos da chamada Transición. Asemade, as interdiccións político-ideolóxicas que perduraban na longa posguerra franquista, tamén, naquel momento de esperanza, decaían quitado, unicamente, das relacionadas coas identidades humanas diferentes da castelá no Estado español, identidades que remataron, trinta anos despois, máis estigmatizadas do que estivera todo aquilo que concernía ao sexto mandamento da Lei de Deus.

Ilustrarei a regresión que estou a presentar cun esbozo da transformación social e lingüística que ao longo de catro décadas teño observado nun territorio concreto: o Maresme, unha das comarcas catalás que máis se ten resentido da imparábel conurbación que xera a metrópole barcelonesa. Vouno facer subliñando tres etapas.

A primeira iníciase nos anos sesenta, no momento no que a sociedade empezaba a experimentar unha chea de cambios que non tiñan nada que ver cos das épocas precedentes. Uns factores descoñecidos até aquel momento: a masificación do turismo nas zonas costeiras, a popularización do automóbil, o televisor nos fogares e a simplificación litúrxica consecuencia do Concilio Vaticano II influían de xeito decisivo nos hábitos e na conduta da xente do noso país, sen modificar aínda a situación lingüística deles, que seguía a ser a mesma dende a derrota civil do 1939: ou sexa, dun lado a inexistencia oficial do catalán, que era prohibido nas escolas, publicacións, emisoras de radio, rótulos, carteis, etc e obxecto de represalias por parte da policía e da caste dos funcionarios españois; e do outro lado, a supervivencia oral do idioma en perfecto estado de saúde nos eidos familiar, profesional, comercial e de relacións humanas, visto que daquela (máis de corenta anos atrás) o ambiente popular, malia o medo, era monolingüe: unha parte da poboación descoñecía o castelán, outra tiña dificultades para falalo e, aínda, entre as clases que o dominaban había unha tendencia a desconsideralo e a preferir o francés coma segundo idioma. (Acaso porque entón o francés era sinónimo de cultura ou se cadra por aquela posición pendular que nos aconsellaba máis adiante o poeta J. V. Foix aos estudantes de filoloxía, dicindo máis ou menos que, situados entre as presións aniquiladoras de dous estados, tiñamos que nos zafar da máis agresiva e nos decantar contra a outra, e viceversa.)

Ademais de cabo a rabo da bisbarra a lingua da rúa, malia conter algúns barbarismos de

léxico (que pronunciados coa fonética enxebre tiñan o seu xeito), era unha lingua de sintaxe non contaminada, competente e rica de recursos. Riqueza herdada que se perpetuaba grazas á xente do mar, aos oficios nas poboacións, aos labregos seculares que estaban arredor delas e, quero subliñalo, polo feito de que saber falar e argumentar, era un valor social de primeira orde, mesmo entre os analfabetos. Riqueza de xiros, modismos, acentos que variaban dun lugar a outro, aínda que só estivesen separados por uns poucos quilómetros. Diversidade de acentos, entoacións –diría microdialectais– distintivas que, se ben conserváronse até hoxe, as derradeiras xeracións, que teñen como lingua materna o televisor, están a perder, xunto con algún fonema.

Andando a década dos sesenta asistimos ao progreso doutro factor, o máis definitivo para unha lingua perseguida, que foi a inmigración masiva de españois do sur peninsular. Ben que nas vilas e lugares con pouca industria a maior parte destes inmigrantes naturalizábanse de xeito espontáneo e os seus descendentes agora non se poden separar da colectividade autónoma tanto polo que se refire á fala e á sensibilidade como ao nivel social, en cidades como Mataró formábanse xa os primeiros ghettos e producíanse actitudes, paternalistas dun lado e refractarias doutro, que tiñan que contribuír ao bilingüismo por forza e á degradación da paisaxe no futuro.

En paralelo, xa nos setenta a ditadura española cedía nalgún sentido, porque se recuperaban publicacións e programas radiofónicos en catalán, se impartían, aínda que extraoficialmente, cursos de lingua e historia, medraban as conferencias públicas, os recitais de cancións chegaban ás vilas pequenas, e a autoridade facía a vista gorda diante dalgunhas agrupacións cívicas de transfondo político. Con todo, era unha chisca de tolerancia ben feble porque no marco do estado seguían a encarcerar xente e seguían as execucións. A de Salvador Puig Antich tivo lugar no 1974, o 2 de marzo, e a de cinco militantes de ETA e do FRAP o 27 de setembro do ano 1975, xusto dous meses antes da morte de Franco.

Coa desaparición física do ditador empeza a segunda das tres etapas que citaba antes. Os que daquela éramos moi novos esperabamos un paréntese de parada e de reflexión. Parada dos abusos urbanísticos, sobre todo, que xa empezaran a desfigurar nalgúns lugares próximos ao mar a paisaxe idílica da terra fértil e ben cultivada que Josep Pla cualificaba de *xardín das Hespérides*. E reflexión, porque o feito de saír dunha longuíssima posguerra reclamaba iso.

Pero *saír* da posguerra era só un dicir. En vez de reflexionar sobre o pasado inmediato e programar un futuro cun crecemento civilizado e sosteníbel, deuse carta legal á especulación e fomentouse a chafallada urbanística iniciada durante a ditadura. Isto sucedeu, desde finais dos oitenta e desde a mesma sé de cada concello da mariña, sen decatarse dos recursos naturais, nin da poboación autóctona que vivía da terra e a traballaba: os labregos. Doutra banda, a nivel nacional xa se aceptara –o ano 1978– unha constitución do Estado español na que non figuraba ningún pacto de cultura en ningures... E sucedía que os novos políticos, os non franquistas, tomaban coma modelo o mesmo réxime que nós pensábamos que quedara atrás. A moitos custábanos entender que unha democracia puidera traducirse nun frenesí de esquecer e derrubar o pasado (sobre todo no eido urbanístico), no nome dun progreso e un futuromáis escuros co ceo e o inferno do credo católico (contra o cal tal vez tocaba reaccionar, mais non até o extremo de desprover ás novas xeracións dos referentes culturais de dous milenios). Con todo e con iso, a chamada transición e a década dos oitenta foron un período presidido polo optimismo, malia que a confianza cara as institucións e os políticos devecese entre uns resultados electorais e os seguintes. E esta confianza minguante interrompeuse de súpeto a raíz do gran negocio inmobiliario que representaron os

Xogos Olímpicos de Barcelona no 1992, nos que a lingua catalá tivo só unha presenza de compromiso.

Finalmente abordo a derradeira etapa. Ao longo da década dos noventa e até hoxe a bisbarra do Maresme viviu dunha banda o incremento constante dunha nova onda inmigratoria de compoñentes múltiples. Algúns destes chegarían a catalanizarse sen esforzo nos núcleos urbanos naturais, se non fose que, por outro lado, a substitución dos bosques e as hortas pola edificación desenfreada xerou suburbios e zonas residenciais que están a lindar dun termo municipal ao outro, ghettos periféricos, poboados sobre todo polo excedente humano das barriadas barcelonesas, bilingüe no mellor dos casos, pero sempre español, e coma tal insensíbel, intransixente e intolerante respecto de toda diversidade.

Se os de seu da bisbarra xa sufrimos a hostilidade lingüística deles nas areas comerciais, transportes, servizos de todo tipo e cada vez máis en centros médicos e hospitais, e sentímonos forasteiros na nosa casa, e se non hai un poder institucional que nos protexa de maneira eficaz ¿como podemos acoller, intercambiar cultura e assimilar os novos inmigrantes?

Como esta pregunta é de mal contestar, os políticos universalistas enxeñaron coma os cegos pasan a ponte: que seguiremos sendo cataláns aínda que falemos en castelán... A min gustárame que reflexionasen sobre unha lúcida observación de Joan Fuster no 1968 que di: *Se a lingua dunha comunidade non fose tan importante non habería xente particularmente obsesionada en sufocar a lingua da casa veciña.*

Traducido do catalán por Lluïsa Soaz.